



Concello de Cervantes

Expediente núm.: 2023/2024

Resolución de alcaldía con número e data establecido á marxe.

Asunto: Apertura da Bolsa de emprego para o servizo de prevención e defensa contra incendios forestais, na categoría profesional de condutor de vehículo motobomba, por esgotamento do listado existente na bolsa.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Logo de ver as Bases reguladoras da bolsa de emprego para o servizo de prevención e defensa contra incendios forestais nas categorías profesionais de: xefe de brigada prevención e defensa contra incendios forestais, peón-condutor brigada prevención e defensa contra incendios forestais, peón brigada prevención e defensa contra incendios forestais e condutor de vehículo motobomba, para cubrir, de forma temporal, as necesidades puntuais do servizo, ademais de baixas, substitucións, vacacións ou outras necesidades circunstanciais, aprobadas pola Xunta de Goberno Local mediante acordo de data 13 de xuño de 2024.

Logo de ver o Convenio Interadministrativo subscrito con data 25/04/2025 entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Cervantes para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2025 e 2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023 – 2027.

Logo de ver a Providencia de chamamento de data 12/06/2025, mediante a que se dispón que por parte dos servizos administrativos do concello se proceda a efectuar os chamamentos de candidatos para a cobertura de tres (3) postos de condutor de vehículo motobomba para executar a actuación indicada, por necesidades do servizo, durante un período de tres meses, así como a determinar o estado definitivo da lista.

Logo de ver a Dilixencia de chamamento de data 12/06/2025, segundo a cal se comproba o esgotamento do listado de candidatos para a categoría profesional de condutor de vehículo motobomba.

Tendo en conta o establecido na cláusula NOVENA das Bases reguladoras da bolsa de emprego, aprobadas pola Xunta de Goberno Local mediante acordo de data 13 de xuño de 2024: *“Excepcionalmente, cando quedara esgotado o listado da Bolsa de Emprego, poderá confeccionarse un listado adicional a partir da apertura dun prazo extraordinario de presentación de solicitudes para cubrir necesidades de carácter temporal coa finalidade de facilitar novas incorporacións á mesma, previa celebración e superación do correspondente proceso selectivo.”*

Logo de ver que a Xunta de Goberno Local é o órgano de competente para a aprobación





Concello de Cervantes

das bases de selección de persoal, en virtude da delegación de atribucións efectuada mediante Resolución de 5 de xullo de 2023 (B.O.P. núm. 176, de 02/08/2023).

Considerando que o artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establece que o órgano delegante pode avocar competencias delegadas cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan axeitado.

Dada a urxencia do asunto, e en virtude do exposto anteriormente, pola presente

RESOLVO

PRIMEIRO.- Avocar a competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local para o caso específico que nos ocupa, con base no disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, tendo en conta a urxencia na execución do proxecto.

SEGUNDO.- Abrir un prazo extraordinario de presentación de solicitudes de **cinco (5) días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para a categoría profesional de condutor de vehículo motobomba, así como levar a cabo o correspondente proceso de selección, o cal se regulará polo establecido nas Bases aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de xuño de 2024

TERCEIRO.- Someter a información pública mediante publicación do seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo esta nova apertura de prazo para a presentación de solicitudes.

CUARTO.- Poñer a disposición dos interesados as bases no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Cervantes (<http://cervantes.sedelectronica.gal>) durante o prazo de presentación de solicitudes.

QUINTO.- Dar conta desta resolución ao Pleno na próxima sesión que se celebre.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde, D. Benigno Gómez Tadín, en Cervantes, na data da sinatura electrónica á marxe; do que eu, Paula María Suárez Cotelo, como secretaria – interventora, dou fe.

Documento asinado de forma electrónica.

